

Os documentos xustificativos axustaranse aos modelos que aparecen como anexos II.7, II.8, e, de ser o caso, II.4 da referida OrdeTAS/892/2005, do 16 de marzo,

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de decembro de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN
ANEXO

Segunda distribución complementaria de 2005 de fondos de formación continua para financiar contratos programa

Aplicación orzamentaria: 19.101.241-A.452.50

Disposicións reguladoras: Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores, ditada en desenvolvemento do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, modificada polas ordes TAS/2094/ 2005, do 17 de xuño, e TAS/2562/2005, do 28 de xullo.

Criterios de distribución: en función do número de traballadores ocupados da enquisa de poboación activa do segundo trimestre de 2004, descontados os empregados do sector público.

Segunda distribución territorial de fondos complementarios ás comunidades autónomas para o financiamento de contratos programa para a formación

Comunidades Autónomas	Contratos programa
Andalucía	18.008.209
Aragón	3.477.957
Asturias	2.640.196
Illes Balears	2.953.538
Canarias	5.309.546
Cantabria	1.563.984
Castilla y León	6.495.782
Castilla-La Mancha	4.607.107
Cataluña	21.597.670
Comunidade Valenciana	13.511.682
Extremadura	2.432.858
Galicia	7.844.153
Madrid	16.693.027
Murcia	3.480.706
Navarra	1.776.775
Rioja (La)	866.801
Total	113.259.991

XEFACTURA DO ESTADO

20785 *REAL DECRETO LEI 15/2005, do 16 de decembro, de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga. («BOE» 301, do 17-12-2005.)*

I

Tras o pasado ano hidrolóxico 2004-2005, en que as precipitacións foron as máis baixas de toda a serie rexistrada, o inicio do ano hidrolóxico 2005-2006 presentaba

unha crítica situación de partida no que se refire ás reservas de augas superficiais encoradas.

A situación das reservas para usos consuntivos ao inicio do ano hidrolóxico elevábase a 12.257 hectómetros cúbicos, o que representa o 34% sobre a capacidade de almacenamento.

Esta situación supón unha diminución de máis de vinte puntos porcentuais sobre a situación de inicio do anterior ano, doce sobre a media dos últimos cinco anos e nove sobre a media dos últimos dez anos.

As precipitacións que se produciron neste ano hidrolóxico son similares en cantidade á media histórica. Non obstante, o dato máis representativo da situación actual é a precipitación media anual dos últimos doce meses, que alcanzou os 462,7 mm. Malia as chuvias das últimas semanas, aínda se está lonxe da precipitación media anual para o mesmo período, que é de 669 mm. É dicir, existe aínda un acusado déficit de precipitacións, xa que está máis dun 30% por debaixo da situación de normalidade.

A pesar de que as precipitacións caídas durante os meses de outubro e novembro viñeron paliar en parte a situación existente, non obstante, de acordo coas estatísticas de precipitacións, nos próximos meses dificilmente serán tan abundantes como para recuperar o déficit acumulado, polo que durante este ano hidrolóxico é previsible que a próxima campaña de rega non poderá ser normal, circunstancia que cabe así mesmo estender a algúns abastecementos a poboacións.

Ante esta situación, faise imprescindible na data actual permitir que sexa unha realidade a posibilidade de levar a cabo transaccións de dereitos do uso da auga. Aínda que o volume de transaccións previsto non é moi elevado, a súa importancia pode converterse en crítica ante a crónica insuficiencia de recursos que viñeron padecendo nos últimos meses as zonas potencialmente receptoras das transaccións.

Coa lexislación actualmente vixente as transaccións que poden levarse a cabo resultan insuficientes; por iso, resulta crucial abrir a posibilidade de que estas poidan ser celebradas polos titulares de dereitos ao uso de auga das Zonas Regables de Interese Nacional, xa que os caudais dos cales disfrutaban se achegan ao 80% da totalidade dos recursos superficiais existentes.

Ao mesmo tempo, e posto que as zonas potencialmente cedentes e cesionarias están situadas en áreas xeográficas pertencentes a ámbitos distintos de planificación hidrolóxica, resulta esencial que as transaccións se poidan realizar a través das infraestruturas de conexión interbacías, xa que, no caso contrario, os custos de transporte da auga as farían economicamente inviables.

A urxencia na aprobación destas medidas vén determinada por un conxunto de factores, dos cales os dous primeiros están relacionados coas bacías potencialmente receptoras da auga, e o terceiro coas bacías cedentes.

En canto ás bacías receptoras –fundamentalmente, a bacía do Segura-, fórmulanse dous tipos de necesidades: en primeiro lugar, a urxencia en aliviar o estrés hídrico de determinados cultivos leñosos, en concreto os cítricos, cuxa necesidade de auga é crucial neste preciso momento por razóns biolóxicas, necesidade que se ve agravada ante a insuficiente chegada de auga no ano hidrolóxico pasado, e que non poderá ser remediada acudindo aos recursos ordinarios que proveñen da cabeceira do Texo a través do acueduto Texo-Segura. Pero a este primeiro elemento, vinculado ao regadío, únese outra insuficiencia nun uso de aínda maior importancia: o abastecemento de poboacións; en concreto, a área da mancomunidade de municipios servidos mediante os recursos do Taibilla, cuxa situación presenta uns perfís tan axustados que fai imprescindible contar cunha mínima reserva de auga ante a eventualidade de que as precipitacións no inicio do

inverno se reduzan novamente, o cal entra dentro do previsible.

Polo que se refire ás bacías cedentes, a razón da urxencia deriva do carácter irreversible da decisión que adopten os usuarios da auga, decisión que deben tomar nestas datas, xa que nos atopamos en plena época de sementeira e nacemento das sementes que darán lugar aos cultivos agrícolas destas zonas.

Queda claro, polo tanto, polas razóns apuntadas, que a auga é extraordinariamente necesaria, e que o é neste preciso momento, xa que o adiamento da decisión faría inútiles as medidas contidas no proxecto no próximo futuro.

II

O proxecto de real decreto lei ten por obxecto regular determinados aspectos relacionados coas transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga, co fin de promover e facilitar a súa realización. Incardínase a norma no conxunto de medidas destinadas a combater a intensa seca que viñemos padecendo durante o anterior ano hidrolóxico, e cuxos efectos, malia as precipitacións das últimas semanas, se manteñen con extrema gravidade.

Esencialmente, trátase de dúas medidas concretas cuxo contido e alcance se expoñen a continuación.

A primeira medida incorpórase no artigo 2 do proxecto. Ten por obxecto habilitar os titulares de dereitos ao uso de auga pertencentes ás zonas regables de iniciativa pública para a celebración dos contratos de cesión de dereitos de uso de auga a que se refire o artigo 67.1 do texto refundido de Lei de augas.

A redacción do citado artigo determina a posibilidade de outorgar os contratos de cesión aos «concesionarios e outros titulares dalgún dereito ao uso privativo das augas». O Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, ditado en desenvolvemento da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, cingue, no seu artigo 343.2, «os concesionarios de augas superficiais e subterráneas e os titulares de aproveitamentos temporais de augas privadas inscritos no Rexistro de augas conforme as disposicións transitorias segunda e terceira do texto refundido da Lei de augas» a posibilidade de celebrar os devanditos contratos. Polo tanto, e dado que os títulos que posúen os usuarios das zonas regables de iniciativa pública non se poden encadrar estritamente –xa que se trata dun título administrativo sui generis derivado da lexislación sobre reforma e desenvolvemento agrario-en ningunha das dúas categorías que menciona o regulamento, cómpre especificar o ámbito de aplicación do artigo 67.1 do texto refundido da Lei de augas co fin de habilitar os devanditos titulares para seren parte nos contratos de cesión, tanto en calidade de cedentes coma de cesionarios.

En concordancia con todo o dito, e posto que se entende equivalente o título referido á concesión, declárase o carácter inscristible dos devanditos títulos.

A segunda medida está contida no artigo 3 do proxecto, que establece que as infraestruturas de conexión interbacías entre o encoro do Negratín e o de Cuevas de Almanzora, así como o acueduto Texo-Segura, poderán ser utilizadas para as transaccións reguladas nos artigos 67 a 70 do texto refundido da Lei de augas.

O artigo 72 do texto refundido da Lei de augas establece que o uso das infraestruturas de conexión interbacías para todas as transaccións reguladas na sección se limitará aos supostos en que o Plan Hidrolóxico Nacional ou as leis reguladoras de cada transvasamento así o prevexan. Como non existe a devandita previsión, faise necesario que unha norma con rango

legal confira a cobertura precisa á utilización das infraestruturas de conexión interbacías mencionadas no proxecto.

A disposición adicional primeira ten por obxecto estender a aplicación das previsións do artigo 2 do proxecto a dous ámbitos territoriais cuxa regulación está contida en leis especiais (as zonas servidas coa auga procedente do acueduto Texo-Segura e a Mancomunidade das canles do Taibilla).

A disposición adicional segunda inclúe a declaración de urxente necesidade de ocupación dun conxunto de actuacións vinculadas coa loita contra a seca, que se detallan no anexo.

A disposición adicional terceira regula a forma de computar as transaccións efectuadas ás bacías receptoras do acueduto Texo-Segura.

A disposición adicional cuarta establece o procedemento de autorización e os informes preceptivos nas transaccións que utilicen infraestruturas de conexión interbacías.

Finalmente, o proxecto ten un alcance temporal limitado de acordo co seu carácter de norma conxuntural destinada a combater os efectos da seca.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente, logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de decembro de 2005,

DISP O Ñ O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto o establecemento de medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga, co fin de combater os efectos da seca.

Artigo 2. *Contratos de cesión de dereitos ao uso de auga.*

1. Os titulares de dereitos ao uso de auga adscritos ás zonas regables de iniciativa pública cuxas dotacións brutas máximas figuren nos plans hidrolóxicos de bacía poderán, logo de informe de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, asinar os contratos de cesión aos que se refire o artigo 67.1 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, sen prexuízo das formalidades exixidas no artigo 68.2.

2. Os títulos xurídicos de dereitos ao uso de auga a que se refire o parágrafo anterior consideraranse incluídos no ámbito do artigo 190 a) do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de augas.

3. Os títulos xurídicos en virtude dos cales cada parte adquiritse o dereito ao uso da auga obxecto do contrato deberán estar debidamente inscritos no Rexistro de augas. En caso de non o estar, deberá instarse a súa inscrición previa ou simultaneamente á solicitude de autorización do contrato ante o órgano competente.

O órgano competente para a inscrición cualificará o título presentado polo solicitante. No caso de que o título achegado se atope incluído entre os supostos a que se refiren o punto 1 deste artigo e a disposición adicional primeira, estenderase unha inscrición provisional, para os únicos efectos da autorización, se é o caso, do contrato de cesión. A inscrición definitiva tramitarase conforme o previsto no Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Artigo 3. *Utilización de infraestruturas de conexión interbacías.*

1. As infraestruturas de conexión interbacías existentes entre o encoro do Negratín e o de Cuevas de Almanzora, así como o acueduto Texo-Segura, poderán ser utilizadas para os contratos de cesión de dereitos regulados nos artigos 67 a 70 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. A utilización das infraestruturas para estas transaccións subordínase aos fins prioritarios fixados nas respectivas normas reguladoras das transferencias.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 69.3 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, o réxime económico-financieiro aplicable a estas transaccións será o establecido nas normas singulares que regulen o réxime de explotación das correspondentes infraestruturas.

Disposición adicional primeira. *Outros dereitos de aproveitamento de auga derivados de leis especiais.*

1. Consideraranse incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2 deste real decreto lei os dereitos ao aproveitamento de auga que puidesen derivar dos volumes sinalados na disposición adicional primeira da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico de explotación do acueduto Texo-Segura, con suxeición aos termos, condicións e limitacións establecidos na devandita norma e nas restantes disposicións reguladoras do transvasamento e, en particular, aos acordos que adopte a Comisión Central de Explotación do acueduto e, se é o caso, o Consello de Ministros, respecto das decisións concretas de transvasamento.

2. Consideraranse, así mesmo, incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2 deste real decreto lei os dereitos ao aproveitamento de auga derivados da Lei do 27 de abril de 1946, pola que se reorganiza a Mancomunidade das canles do Taibilla, nos termos e condicións establecidos na devandita norma e na restante lexislación aplicable.

Disposición adicional segunda. *Declaración de urxente necesidade de ocupación.*

Declárase a urxente necesidade da ocupación dos terreos afectados polas actuacións que se citan no anexo.

Disposición adicional terceira. *Cómputo dos volumes obxecto de transacción ás bacías receptoras do acueduto Texo-Segura.*

Os volumes de auga que, en virtude deste real decreto lei, sexan obxecto de transferencia ás bacías receptoras do acueduto Texo-Segura, computaranse como volumes transvasados para todos os efectos e, en particular, para o cómputo do límite dos 240 hectómetros cúbicos establecido na disposición adicional terceira da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

Disposición adicional cuarta. *Autorización das transaccións interbacías.*

As transaccións que impliquen a utilización de infraestruturas de conexión interbacías deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Auga, logo de informe dos organismos de bacía afectados e das restantes entidades que deban emitir informe de acordo con artigo 68.2 de texto refundido de Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Así mesmo, no prazo previsto no citado artigo, a Dirección Xeral da Auga poderá exercer o dereito de adquisición preferente regulado no artigo 68.3

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Suspensión temporal de eficacia.*

Durante a vixencia deste real decreto lei, quedará sen efecto, en canto á utilización das infraestruturas de conexión interbacías e os contratos de cesión de dereitos ao aproveitamento de auga a que se refire o artigo 3.1, o primeiro inciso do artigo 72 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia.*

Este real decreto lei estará en vigor desde o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» ata o 30 de novembro de 2006.

Dado en Madrid o 16 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Relación de actuacións para as cales este real decreto lei declara a urxente ocupación dos terreos afectados:

Abastecemento aos municipios costeiros do extremo occidental de Asturias.

Abastecemento de auga a Lugo.

Mellora de abastecemento aos municipios de El Bierzo.

Ampliación e mellora do abastecemento á Mancomunidade do Girasol-anel perimetral de Tarancón.

Ampliación e mellora do abastecemento a poboacións da Sabra leste (Toledo).

Abastecemento ao Campo de Montiel desde o encoro da Cabezuela.

Condución Torre Abraham ao encoro de Gaset.

Desalga e obras complementarias para o Campo de Dalías (Almería).

Desalga no Bajo Almanzora. Nova desalga do Bajo Almanzora (Almería).

Desalga e obras complementarias para o poñente almeriense. Desalobrador de Adra (Almería).

Actuacións complementarias de reutilización de augas residuais no Campo de Dalías (Almería).

Interconexión Carboneras-Cuevas de Almanzora. Condución da desalga de Carboneras ao Valle de Almanzora (Almería). (Conexión presa Cuevas de Almanzora-poñente almeriense, sector norte.)

Proxecto de conexión da condución Beninar-Aguadulce coas regas da Vega de Adra (Almería). (Mellora das infraestruturas hidráulicas das regas da zona de poñente de Adra.)

Reutilización de augas residuais na Costa del Sol occidental (Málaga).

Reutilización de augas residuais na cidade de Málaga.

Planta desalgadora para garantir os regadíos do transvasamento Texo-Segura.

Nova desalgadora de Águilas/Guadalentín. Ampliación da desalgadora de Águilas (planta desalgadora para rega en Murcia).

Ampliación da estación desalgadora de augas salobres do Mojón e os seus colectores (Murcia).

Modernización das infraestruturas hidráulicas dos regadíos da Vega Alta. Ojós-Contraparada.

Interceptores de augas pluviais dos barrios norte e oeste de Cartagena (Murcia).

Desalga e obras complementarias para a Marina Alta. Termo municipal de Denia (Alacant).

Desalga e obras complementarias para a Marina Alta. Termo municipal de Campello (Alacant).

Desenvolvemento de programas de augas subterráneas e desalga para abastecementos e regadíos en Castellón.

Obras de regulación para recarga dos excedentes invernaís do río Belcaire (Castellón).

Reforzo do sistema de abastecemento da área metropolitana de Valencia.

Reforzo do sistema de abastecemento do Camp de Morvedre. Desalgadora de Sagunto (Valencia).

Laminación e mellora da drenaxe da bacía da Rambla Gallinera (Valencia).

Prevención contra avenidas do Barranco de Benimodo (Valencia).

Abastecemento a Alcañiz, Calanda, Torrecilla, Valdealgorfa e Castelserás (Teruel).

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20787 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e se adapta o réxime tributario das institucións de investimento colectivo.* («BOE» 301, do 17-12-2005.)

Advertidos erros no Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e se adapta o réxime tributario das institucións de investimento colectivo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 12 en lingua galega, do 2 de decembro 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1590, primeira columna, disposición derradeira primeira, Tres, liña segunda, onde di: «... artigo 95.1.a).2.º...», debe dicir: «... artigo 95.1.a), segundo parágrafo...».

Na páxina 1592, primeira columna, disposición derradeira terceira, Dous, 5, liña quinta, onde di: «... remitir á entidade xestora ou á sociedade de investimento, respectivamente, e á Administración ...», debe dicir: «... remitir, respectivamente, á entidade xestora ou á sociedade de investimento e á Administración...».

Na páxina 1592, segunda columna, disposición derradeira cuarta, Un, 4, liña oitava, onde di: «... disposición adicional primeira...», debe dicir: «... disposición adicional única...».

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

20788 *REAL DECRETO 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.* («BOE» 301, do 17-12-2005.)

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 27, establece o dereito a percibir unha axuda económica ás mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e respecto das que se presuma que, debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, terán especiais dificultades para obter un emprego. Trátase dun dereito subxectivo mediante o cal a citada lei orgánica asegura un dos seus principios reitores, recollido no seu artigo 2, alínea e), como é o de garantir dereitos económicos para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.

O recoñecemento deste dereito requirirá a acreditación por parte da vítima de insuficiencia de recursos económicos, situados nuns ingresos iguais ou inferiores ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias; así como un informe do Servizo Público de Emprego competente no cal se prevexa, fundadamente, e durante o deseño do seu itinerario persoal de inserción laboral, que a súa inclusión nos programas de emprego específicos que se establezan para estas vítimas, previsión recollida no artigo 22 da referida lei orgánica, non vai mellorar substancialmente a súa empregabilidade.

Este informe, necesario para o recoñecemento deste dereito, será emitido polo Servizo Público de Emprego competente con carácter excepcional e para o momento en que se tramite a concesión da axuda, pois deben quedar salvagardados os obxectivos principais perseguidos pola política de emprego, un dos cales é asegurar políticas adecuadas de integración laboral para aqueles colectivos que presentan maiores dificultades, garantíndolles a aplicación de políticas activas de emprego, garantía que constitúe, pola súa vez, un dos fins do Sistema Nacional de Emprego, polo que, no caso de desapareceren ou de se modificaren as circunstancias que fagan prever a non empregabilidade da vítima, o itinerario de inserción profesional debe ser retomado.

As axudas consisten nun pagamento único que se modulará en función das responsabilidades familiares ou do grao de minusvalidez da vítima ou dalgún dos familiares ao seu cargo, ou por ambos os conceptos. O procedemento de concesión e pagamento das axudas correspóndelles ás administracións competentes en materia de servizos sociais e serán financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

A posibilidade de modulación da contía da axuda económica en atención ás circunstancias anteriormente mencionadas, así como a necesidade de efectuar unha maior concreción dos factores que inflúen na capacidade de inserción profesional da muller vítima de violencia de xénero, aconsella o desenvolvemento regulamentario do artigo 27, co fin de asegurar a correcta aplicación da norma e garantir o principio de seguridade xurídica e a igualdade no acceso ao dereito recoñecido, deixando a salvo as competencias exclusivas das comunidades autónomas para establecer o procedemento de concesión da axuda.